

IV. OPOSICIONS E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 6 de setembro de 2023, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de pinche, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, convocado pola Resolución do 29 de decembro de 2020 (Diario Oficial de Galicia número 8, do 14 de xaneiro de 2021).

Mediante a Resolución desta dirección xeral, do 29 de decembro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 8, do 14 de xaneiro de 2021), convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de pinche en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual.

A base décima da mesma resolución establece que, unha vez adxudicados os destinos, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e a asignación de destino daqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

Ao abeiro da dita resolución, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar finalizado o concurso-oposición para o ingreso na categoría de pinche, en prazas reservadas para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 29 de decembro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 8, do 14 de xaneiro de 2021).

Segundo. Nomear persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, na categoría de pinche os/as aspirantes seleccionados/as que se inclúen no anexo desta resolución.

Terceiro. Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo.



Cuarto. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada.

De conformidade coa base décima da resolución de convocatoria do proceso, a toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión a que pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento no seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo.

No entanto, en casos de forza maior, e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión.

Quinto. De conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 70/2017, do 13 de xullo (*Diario Oficial de Galicia* núm. 145, do 1 de agosto), como condición para o perfeccionamento do nomeamento que se expida, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar con carácter obrigatorio, nun prazo non superior aos seis meses contados desde a data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* do correspondente nomeamento como persoal estatutario fixo, as actividades formativas para a obtención do nivel básico de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero, previstas no artigo 4 da citada regulación.

Non terán que realizar esta actividade formativa os/as aspirantes seleccionados/as que a realizasen con anterioridade, conste rexistrada en Fides/expedient-e e fose debidamente validada.

Sexto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición, ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente, na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2023

Ana María Comesaña Álvarez
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO

Relación definitiva de adjudicatarios/as e destinos

DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***6181**	Ares Rioboo, Marcos	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	A Coruña	M/T
***0428**	Barriuso Rodríguez, Aitor	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	A Coruña	M/T
***9055**	Cabaleiro Groba, Sofía	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	M/T
***6030**	Carballido Regueiro, Javier	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	M/T
***9199**	Fernández Cordoves, Ismael	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	M/T
***8758**	Fernández Trigo, Miguel	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	M/T
***7279**	Figueiras García, Roberto	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	M/T
***6284**	Franco Acuña, José Luis	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	M/T
***4252**	García Mosquera, Adrián	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	M/T
***7971**	García Piñeiro, Ángel	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	M/T
***9933**	Gómez Grande, Pablo	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	M/T
***2847**	Lago Oubiña, Rubén	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	M/T
***7206**	López Rodríguez, Lorena	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	M/T
***0993**	Losada Fonticoba, Eva	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide	Ferrol	M/T
***4997**	Mateo Medina, Beatriz	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	A Coruña	M/T
***8469**	Nieto García, Alejandro	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	M/T
***8304**	Novo Lago, Álvaro	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	A Coruña	M/T
***4475**	Nuñel Ferreiro, Manuel	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	A Coruña	M/T
***8789**	Otero Chacón, David	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	M/T
***6076**	Padín Doval, Miriam	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	M/T
***0539**	Pardo García, Rubén	A.S. de Ferrol	Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide	Ferrol	M/T
***7713**	Pateiro González, Laura	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	M/T
***1544**	Perea Touza, Salvador	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	M/T





DNI	Apelidos e nome	Centro directivo	Centro	Concello	Quenda
***7437**	Pérez Martínez, Bárbara	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	M/T
***1838**	Pérez Mosquera, Andrés	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	M/T
***8802**	Pose Davila, Victoria	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	M/T
***0993**	Prego Rodríguez, Daniel	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	M/T
***8713**	Prieto Prado, José María	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	M/T
***3748**	Quintas Loqman, Alejandro Omar	A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Complexo Hospitalario Universitario de Ourense	Ourense	M/T
***8652**	Quirós Álvarez, Marta	A.S. de Pontevedra e O Salnés	Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra	Pontevedra	M/T
***5638**	Ríos Pazos, María	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	M/T
***8302**	Rozados Pereira, Christian	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	M/T
***0934**	Seoane Brea, Anxo	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	M/T
***7934**	Tamayo Riera, Pablo	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	A Coruña	M/T
***5029**	Varas Merino, Juan Felipe	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	A Coruña	M/T
***0080**	Varela González, Felipe	A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	Santiago de Compostela	M/T
***3955**	Vázquez Bello, Raúl	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	A Coruña	M/T
***4138**	Villalón Combo, Sílvia	A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario Universitario de Lugo	Lugo	M/T
***7378**	Voces Díaz, Elisa	A.S. da Coruña e Cee	Complexo Hospitalario Universitario da Coruña	A Coruña	M/T

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.